

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Sesión do 9 de decembro de 2005

SEÑORES/AS ASISTENTES:

D^a. Corina Porro Martínez
D^a. Lucia Molares Pérez
D. José Manuel Iglesias Carrera
D. Ignacio López-Chaves Castro.
D^a. Soledad Polo Lima
D. Carlos Comesaña Abalde
D. Antonio Coello Bufill
D^a. Marta Iglesias Bueno

NON ASISTEN:

D. José Manuel Figueroa Vila
D. Javier Jorge Guerra Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e trinta minutos do día nove de decembro de dous mil cinco de dous mil cinco e baixo a presidencia da Excm. Alcaldesa, Sra. Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están presentes por invitación, o concelleiro Sr. Couto Pérez, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, e o interventor xeral, Sr. González Carnero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1681).-RATIFICACIÓN DE URXENCIA

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(1682).-CONTRATACIÓN POR CONCURSO DAS OBRAS DA PRIMEIRA FASE DO PROXECTO DE CONSERVACIÓN-RESTAURACIÓN DA VILA ROMANA DE TORALLA. EXPTE. 1686/307

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da Área de Contratación e Novos proxectos, do 7.12.05, conformado polo concelleiro de Patrimonio Histórico e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar o gasto de 199.444,95 € para a execución das obras de primeira fase de conservación-restauración da vila romana de Toralla que están consignados nas partidas 4531.622.00.00 do presuposto do ano 2005.

2º.- Aprobar o prego de condicións administrativas para a contratación por concurso aberto da execución das obras da primeira fase de conservación-restauración da vila romana de Toralla.

3º.- Convocar o concurso para a selección na forma prevista na lexislación por trámite de urxencia.

Así mesmo, a Xunta de Goberno local condiciona este acordo aos informes favorables do Ministerio de Medio Ambiente, Dirección Xeral de Costas, para a autorización da concesión administrativa para a ocupación de bens de dominio público marítimo-terrestre, e da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. Presidenta rematou a sesión ás nove horas e trinta e sete minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA- SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Lucía Molares Pérez